



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN PLENO:**


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno municipal, por medio do seu concelleiro encargado de Urbanismo e Rehabilitación, ten anunciado a previsión de manter en funcionamento a Oficina municipal da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OCHIR), na que traballan catro persoas cuxos contratos remataban o pasado 31 de maio, coincidindo co final do programa de rehabilitación de vivenda.

A idea expresada polo concelleiro era a de aprobar un novo “programa de xestión e implementación da oficina de vivenda e rehabilitación”, “que puidese entrar en marcha o día 1 de xuño” e que ía permitir, non só que se mantiveran as funcións coas que contaba esta Oficina, senón que estas mesmo se vería ampliadas ao levar, xunto coas tarefas propiamente de rehabilitación, tamén outras relacionadas coa área de vivenda en xeral.

Desde o Grupo Popular consideramos de gran importancia a continuidade desta Oficina e das persoas que nela traballan, tal e como se evidenciou na prórroga para o seu funcionamento acordada a finais de 2014 e vixente ata o pasado 31 de maio. O labor de asistencia técnica e administrativa da OCHIR, iniciado en 1994, ten moito que ver coa inxente recuperación levada a cabo no contorno da cidade histórica en vivendas, edificios e locais, tal e como o testemuñan os recoñecementos recibidos, entre eles o premio “Cidades Patrimonio da Humanidade, concedido a esta Oficina no ano 2010 polo Ministerio de Cultura.

Transcorridos tres meses sen que se teña coñecemento da resolución da situación desta Oficina e do contrato programa que garantiría a súa permanencia, o Grupo Popular presenta a seguinte pregunta para a súa resposta no Pleno:



En que situación se atopa actualmente a Oficina municipal da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OCHIR) e o conxunto dos seus traballadores, así como a convocatoria e resolución do contrato programa que se anunciara para a súa posta en marcha o día 1 de xuño pasado?

Santiago de Compostela, a 6 de setembro de 2016.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular